



Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2024

Alegacións da Confederación Intersindical Galega (CIG) ao proxecto de Real Decreto polo que se regula a produción de enerxía eléctrica en instalacións situadas no mar.

D. PAULO S. CARRIL VÁZQUEZ, como Secretario Xeral da CIG, e actuando como representante desta, con domicilio para efectos de notificacións na Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10, da cidade de Santiago de Compostela, ante o prazo aberto para alegacións ao Proxecto do Real decreto polo que se regula a produción de enerxía eléctrica en instalacións situadas no mar, formulamos as seguintes

ALEGACIONES

1.- Artigo 4. Competencias.

Comentario e xustificación.

O exercicio esaxerado e abusivo das competencias estatais nos ámbitos competenciais que invaden as competencias directas e indirectas das comunidades autónomas, ao servizo dos sectores económicos e sociais afectados.

Substitúe o último apartado “Estas competencias exerceranse sen prexuízo das que legalmente se atribúan a outros órganos da Administración” **polo seguinte texto:**

“Estas competencias exerceranse en coordinación e respecto ás competencias que lles correspondan ás comunidades autónomas, sen prexuízo das que estivesen legalmente atribuídas a outros órganos da Administración”.

2.- CAPÍTULO III. Efectos, convocatoria e desenvolvemento do procedemento de concorrencia competitiva.

Comentario e xustificación.

A CIG defende que as institucións públicas deben declarar o vento e o sol como recursos naturais e, na súa consideración como fontes de enerxía renovábeis, como dominio público para condicionar a súa explotación mediante concesión. A concesión administrativa debe ser o mecanismo regulador para preservar o interese público dun

recurso de dominio público. A utilización do dominio público eólico e/ou solar público para a xeración de enerxía eléctrica en calquera réxime de consumo constitúe un uso común especial suxeito a declaración responsábel.

Polo tanto, o procedemento de adxudicación debe ser o mecanismo regulador da concesión administrativa e non o da concorrencia competitiva.

3.- Artigo 7. Convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva.

Comentario e xustificación

O diálogo debe ser un imperativo para os promotores a favor dos sectores económicos e sociais ameazados.

Substituír no apartado 7 b) “poderase realizar un diálogo público-privado” **por** “deberase realizar un diálogo público-privado por un tempo non inferior a 3 meses”.

4.- Artigo 8. Orde ministerial pola que se regula o procedemento de concorrencia competitiva.

4.1. Comentario e xustificación.

En cumprimento principio de precaución, a ordenación dos espazos mariños debería realizarse coa mellor información científica, e ante a carencia desta información na planificación de zonas potenciais para a eólica mariña, antes de convocar calquera proceso de adxudicación, ten que se elaborar -se é o caso-, proporcionar e pór a disposición de todos os interesados.

Eliminar deste artigo 8 o apartado b) “A área ou, se é o caso, as áreas onde se localizarán as instalacións, que se delimitarán polas coordenadas xeográficas dos vértices das liñas poligonais que as comprenden”.

4.2. Comentario e xustificación.

En coherencia co comentado na alegación 3.-

Substituír a apartado f) “De ser o caso, os detalles da fase de diálogo público-privada previo á convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva, que incluírá a ligazón á páxina web onde se publicará a información que se vai xerando neste procedemento”, **polo seguinte texto:**

f) Os procedementos, prazos e detalles da fase de diálogo público-privada previo á convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva, que incluírá a ligazón á páxina web onde se publicará a información xerada neste procedemento.

4.3. Comentario e xustificación.

En continuidade da anterior.

Substituír apartado "4. A orde pola que se regula o procedemento de concorrencia competitiva poderá prever que determinados aspectos, parámetros ou criterios dos aprobados pola devandita orde poidan ser redefinidos ou modificados na resolución do titular da Secretaría de Estado de Enerxía pola que se convoque o procedemento de concorrencia competitiva. como consecuencia da fase de diálogo público-privado que, de ser o caso, se realizase" **polo seguinte texto:**

"4. A orde que regula o procedemento de concorrencia competitiva **terá que prever** que determinados aspectos, parámetros ou criterios dos aprobados mediante devandita orde deberán ser redefinidos ou modificados na resolución da persoa titular da Secretaría de Estado de Enerxía pola que se convoque o procedemento de concorrencia competitiva, como consecuencia da fase de diálogo público-privado **que obrigatoriamente debe realizarse**".

5.- Artigo 9. Fase de diálogo público-privado.

5.1. Comentario e xustificación.

En continuidade da anterior.

Substituír apartado "1.1. No caso de que a orde pola que se regula o procedemento de concorrencia competitiva así o determine, os interesados pertencentes aos sectores afectados polas instalacións de enerxías renovábeis mariñas poderán remitir comentarios ou propostas de mellora en relación cos aspectos, parámetros ou criterios que, de conformidade coa devandita orde, poidan redefinirse ou modificarse. Estes aspectos poderán ser, entre outros, os seguintes:" **polo seguinte texto:**

"1. A orde pola que se regule o procedemento de concorrencia competitiva determinará o dereito dos interesados pertencentes aos sectores afectados polas instalacións de renovábeis mariñas **a remitir** comentarios ou propostas **de supresión e/ou** mellora en relación cos aspectos, parámetros ou criterios que, de conformidade coa devandita orde, **deberían ser** redefinidos ou modificados. Estes aspectos poderán ser, entre outros, os seguintes:

5.2. Comentario e xustificación.

En atención a priorizar o interese económico e social a protexer.

Substituír o apartado "e) Os criterios de ponderación aplicábeis ao procedemento de concorrencia competitiva e o impacto socioeconómico do proxecto" **polo seguinte texto:**

“e) Os criterios de ponderación aplicábeis ao procedemento de concorrencia competitiva e o impacto socioeconómico do proxecto, **salvagardando e protexendo en todo momento a cohesión social e as actividades, zonas e caladoiros dedicados ao fornecemento de alimentos, primando a soberanía alimentaria fronte aos intereses enerxéticos.**”

6.- Artigo 10.- Resolución de convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva.

Comentario e xustificación.

En reiteración da anterior alegación.

Engadir novo apartado coa letra g), co seguinte contido:

“g) Os documentos que evidencien a integración da avaliación do impacto social e económico na avaliación do impacto ambiental vinculada ao principio de desenvolvemento sostíbel, permitindo constatar:

- que o proxecto é aceptado polos sectores económicos, sociais e as poboacións costeiras afectados.

- un maior impacto socioeconómico positivo e mellora da calidade de vida nos sectores e territorios afectados.”

7.- Artigo 12. Requisitos e criterios aplicábeis aos proxectos.

7.1. Comentario e xustificación.

Os recursos naturais son bens de titularidade pública e deben estar baixo o control público para garantir que a súa produción, transformación e xestión sexa social e territorialmente xusta.

Substitución apartado 1 “A orde pola que se regule o procedemento de concorrencia competitiva poderá establecer requisitos obxectivos que deberán cumprir os proxectos para poder ser adxudicatarios do devandito procedemento. Adicionalmente, esta orde poderá establecer que, para participar nel, os proxectos deberán superar unha puntuación mínima a determinar en función do grao de cumprimento de determinados criterios preestabelecidos” **polo seguinte texto:**

"Apartado 1. A orde pola que se regule o procedemento de concorrencia competitiva **estabelecerá** os requisitos obxectivos que deberán cumprir os proxectos para poderen ser adxudicatarios do devandito procedemento.

Para estes efectos, enténdese como tales requisitos, entre outros, como mínimos e de carácter obrigatorio, ademais dos técnicos, legais e os que figuran no apartado 2 deste artigo, os seguintes:

a) Proxectos de desenvolvemento económico e plans industriais asociados e vinculados creadores de emprego neto real, sen posibilidade de segregar da actividade de produción de enerxía, propostos para a súa implantación nos territorios afectados nos que se aproveite todo o valor engadido pola produción de enerxía.

b) Compromisos de participación pública no capital social segundo as fórmulas establecidas legalmente.

c) Estabelecemento pola promotora do proxecto dunha bonificación directa na factura eléctrica do 10% para as persoas consumidoras domésticas e dun 30% para as actividades económicas con domicilio (censadas) nos territorios afectados por estas instalacións.

d) As empresas promotoras dos proxectos deberán ter sede social e fiscal nas Comunidades Autónomas afectadas.

Adicionalmente, esta orde poderá establecer que, para participar nel, os proxectos deberán superar unha puntuación mínima a determinar en función do grao de cumprimento de determinados criterios preestablecidos”.

7.2.- Comentario e xustificación.

Débase manter a coherencia cos plans estratéxicos establecidos, en especial a Estratexia de Transición Xusta do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima, e co marco dispositivo estatal de aplicación, fundamentalmente e con carácter básico a Lei 24/2013, o Real Decreto-lei 23/2020 e o Real Decreto 1183/2020, sobre todo no referido aos denominados Nós de Transición Xusta. Tamén é necesario volver indicar a necesidade de que entre os requisitos imprescindíbeis se considere o impacto socioeconómico da eólica mariña e a afectación socioeconómica que pode ter no sector pesqueiro e as comunidades dependentes da pesca.

Substitución do apartado a) “Relacionados co deseño do proxecto: cociente de ocupación do espazo, distancia á costa, número de aeroxeradores, contribución á innovación, etc.” **polo seguinte texto:**

“a) Relacionados co deseño do proxecto: cociente de ocupación do espazo, distancia á costa, número de aeroxeradores, contribución á innovación, liña de evacuación, perdas eléctricas, nó de acceso, etc.”

Substitución do apartado b) “Relacionados co impacto medioambiental do proxecto: medidas para minimizar o impacto medioambiental e paisaxístico, esixencias relativas á pegada de carbono do proxecto e dos seus compoñentes ao longo do ciclo de vida, requisitos relativos á utilización de materiais reciclados, etc.” **polo seguinte texto:**

“b) Relacionados co impacto medioambiental do proxecto: medidas para minimizar o impacto medioambiental e paisaxístico –tamén da liña de evacuación-, esixencias relativas á pegada de carbono do proxecto e dos seus compoñentes ao longo do ciclo de vida, requisitos relativos á utilización de materiais reciclados, etc.”

Substitución do apartado c) “Relacionados co impacto socioeconómico do proxecto: o potencial de desenvolvemento industrial e económico derivado do proxecto, impacto no emprego local e sobre a cadea de valor industrial local, rexional, nacional e comunitaria, contribución á resiliencia, participación de pequenas e medianas empresas, medidas de compatibilidade con outros usos e actividades do medio mariño, como a pesca, ou apoio directo a estes sectores, etc.” **polo seguinte texto:**

“c) Relacionados co impacto socioeconómico do proxecto: o potencial de desenvolvemento industrial e económico derivado do proxecto, impacto no emprego local e sobre a cadea de valor industrial local, rexional, nacional e comunitaria, contribución á resiliencia, participación de pequenas e medianas empresas, a potencial afectación ao sector pesqueiro que teña que abandonar zonas de pesca e ás comunidades dependentes da pesca, medidas de compatibilidade e coexistencia con outros usos e actividades do medio mariño, como a pesca, ou apoio directo a estes sectores, como as compensacións económicas que se poidan establecer á frota afectada, de ser o caso.”

Substitución do apartado e) “Relacionados coa capacidade de contribuír á calidade e a seguridade de subministración eléctrica. Para estes efectos, poderán establecerse criterios distintos en función do nó.” **polo seguinte texto:**

“e) Relacionados coa capacidade de contribuír á calidade e á seguridade de subministración eléctrica. Para estes efectos, poderán establecerse criterios distintos en función do nó, que non poderá ser de Transición Xusta ou dos que teñan influencia sobre estes restándolles capacidade. En calquera caso e para todos os nós considerados, tendo en conta a intermitencia do recurso, deberanse contemplar medidas que permitan o maior aproveitamento da súa capacidade, como a hibridación.”

8.- Artigo 13. Características do procedemento de concorrencia competitiva.

8.1. Comentario e xustificación.

O impacto socioeconómico, o impacto medioambiental, deben ser prioritarios; o principio de precaución, o principio de promover os investimentos sostíbeis desde un punto de vista medioambiental, o principio de non causar un prexuízo significativo, e o enfoque ecosistémico na xestión dos nosos mares, obriga a que sexan precisamente eses criterios de sustentabilidade medioambiental e de afectación socioeconómica os que deban primar na ponderación sobre os criterios puramente económicos. De feito, por pór un exemplo, no procedemento de poxas de enerxía eólica mariña en Alemaña no ano 2024, os criterios non puramente económicos ponderan até un 35%. Tamén

consideramos necesario en liña co argumentado garantir como mínimo que o 50% dos criterios a ter en conta no procedemento de concorrencia competitiva teñan relación coa maior ou menor afectación aos pescadores e aos ecosistemas mariños.

Substituír redacción artigo 13.1. “Resultará adxudicataria a solicitude que obteña a máxima puntuación no procedemento de concorrencia competitiva. O devandito procedemento poderá incluír criterios non económicos até un máximo do 30 por cento da ponderación, sempre que se garanta a súa adecuación aos obxectivos perseguidos. Estes criterios non económicos poderán ser, entre outros, os enumerados no artigo 12.2. Para a valoración dos criterios económicos, a solicitude incluírá o prezo ofertado por unidade de enerxía eléctrica relativo ao réxime económico de enerxías renovábeis, expresado en euros/MWh con dous decimais, que non poderá ser modificado ao longo do procedemento.”, **polo seguinte texto:**

“Artigo 13.1.: Resultará adxudicataria a solicitude que obteña a máxima puntuación no procedemento de concorrencia competitiva. O devandito procedemento poderá incluír criterios non económicos até un máximo do 70 por cento da ponderación, cun mínimo de 50% de criterios relacionados coa afectación a outros sectores usuarios do mar, e a afectación aos ecosistemas mariños, sempre que se garanta a súa adecuación aos obxectivos perseguidos. Estes criterios non económicos poderán ser, entre outros, os enumerados no artigo 12. 1 e 2.”

8.2. Comentario e xustificación.

A Comisión Técnica de valoración deberá ter presenza dos científicos máis cualificados para valorar os proxectos en relación aos seus impactos nos ecosistemas mariños; neste caso, pois, é necesaria a presenza do CSIC a través do IEO. Tamén entendemos necesario que aqueles proxectos que evidencien un risco de afectación ao medio mariño ou á actividade pesqueira desenvolvida na zona proposta, non deberían ser admitidos a trámite. Por último, téñase en conta o grao instalacións de renovábeis xa presentes no territorio e a achega destas aos obxectivos de produción fixados polas autoridades do Estado español e comunitarias.

Substituír artigo 13.4. “Para a avaliación das solicitudes, constituirase unha comisión técnica de valoración que elevará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a proposta de solicitudes admitidas e excluídas, así como as puntuacións resultado da aplicación dos criterios de ponderación. A orde pola que se regule o procedemento de concorrencia competitiva regulará a composición e funcionamento da devandita comisión.”, **polo seguinte texto:**

“Artigo 13.4. Para a avaliación das solicitudes, constituirase unha comisión técnica de valoración que elevará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a proposta de solicitudes admitidas e excluídas, así como as puntuacións resultado da aplicación dos criterios de ponderación. Serán excluídas as solicitudes que afecten as Comunidades Autónomas que o ano anterior á valoración xa cumpran os obxectivos de contribución

renovábel á xeración eléctrica fixados no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima, PNIEC, de aplicación. Serán excluídas as solicitudes que evidencien un dano grave aos ecosistemas mariños ou á actividade pesqueira desenvolvida na zona proposta. A orde pola que se regule o procedemento de concorrencia competitiva regulará a composición e funcionamento da devandita comisión, onde deberá ter presenza o IEO como máximo organismo científico da Administración do Estado en relación ao estudo de potenciais impactos destas industrias nos ecosistemas mariños.”

9.- Artigo 20. Capacidade dispoñible en nós reservados a concurso.

9.1- Comentarios e xustificación.

Como xa se sinalou, é obrigatorio manter a coherencia cos plans estratéxicos establecidos, en especial a Estratexia de Transición Xusta do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima, e co marco dispositivo estatal de aplicación, fundamentalmente e con carácter básico a Lei 24/2013, o Real Decreto-lei 23/2020 e o Real Decreto 1183/2020, sobre todo no referido aos denominados Nós de Transición Xusta.

Substituír artigo 20 “De acordo co previsto no artigo 19.5 do Real Decreto 1183/2020, do 29 de decembro, os nós reservados para concurso por resolución da persoa titular da Secretaría de Estado de Enerxía ao abeiro do previsto no capítulo V do sinalado real decreto serán susceptibles de ser utilizados con carácter prioritario para a evacuación de enerxía xerada por instalacións renovábeis mariñas. Para ese efecto, con carácter previo á convocatoria do concurso, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas solicitará ao operador do sistema informe sobre a capacidade de acceso daqueles nós, que estando reservados para os concursos de acceso, nos que sexa factíbel tecnicamente evacuar enerxía xerada por instalacións renovábeis mariñas a través da rede de transporte. Este informe deberá conter polo menos a capacidade de acceso dispoñíbel para evacuar enerxía xerada por este tipo de instalacións, unha estimación das verteduras que poderían producirse nun horizonte de dez anos e unha análise das posibilidades de conexión. Co fin de incorporar os aspectos de viabilidade de conexión o operador do sistema poderá solicitar informe ao transportista”, **polo seguinte texto:**

“Artigo 20. De acordo co disposto no Real Decreto-lei 23/2020 para os Nós de Transición Xusta e no previsto no artigo 19.5 do Real Decreto 1183/2020, do 29 de decembro, os nós reservados para concurso por resolución da persoa titular da Secretaría de Estado de Enerxía ao abeiro do previsto no capítulo V do sinalado real decreto, excepto os de Transición Xusta e os que teñan influencia sobre eles diminuindo a súa capacidade, serán susceptibles de ser utilizados para a evacuación de enerxía xerada por instalacións renovábeis mariñas. Para ese efecto, con carácter previo á convocatoria do concurso, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas solicitará ao operador do sistema informe sobre a capacidade de acceso daqueles nós, que estando reservados para os concursos de acceso nos que sexa factible tecnicamente evacuar enerxía xerada por instalacións renovábeis mariñas a través da rede de transporte, coas excepcións sinaladas con anterioridade. Este informe deberá conter polo menos a

capacidade de acceso dispoñíbel para evacuar enerxía xerada por este tipo de instalacións, a súa non influencia ou diminución de capacidade nos Nós de Transición Xusta, unha estimación das verteduras e perdas –en relación cos valores máximos oficiais estabelecidos polas circulares da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia- que poderían producirse nun horizonte de dez anos e unha análise das posibilidades de conexión que contemple orientacións para un mellor aproveitamento da capacidade do nó á vista da intermitencia do recurso. Co fin de incorporar os aspectos de viabilidade de conexión, o operador do sistema poderá solicitar informe ao transportista. Tamén se deberá solicitar informe ao organismo competente da Comunidade Autónoma na que se sitúe o nó de acceso relativo ás necesidades de acceso e conexión e de distribución de enerxía eléctrica a instalacións existentes, en tramitación ou planificadas.”

10.- Artigo 22. Regulación dos procedementos administrativos.

10.1- Comentarios e xustificación.

Tal como indica a Directiva (UE) 2023/2413 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de outubro de 2023, pola que se modifican a Directiva (UE) 2018/2001, o Regulamento (UE) 2018/1999 e a Directiva 98/70/CE no que respecta á promoción da enerxía procedente de fontes renovábeis e derrógase a Directiva (UE) 2015/652 do Consello, en relación á eólica mariña debe terse en conta a especial complexidade dos ecosistemas mariños, o que, engadido a que non se conta con información sobre impactos medioambientais relacionados cos ecosistemas mariños destas industrias, fai necesario que o trámite de información pública en relación sexa un trámite autónomo e cun prazo de valoración acorde coa complexidade da valoración, que non debería ser inferior a 45 días.

Substituír artigo 22.3 “Realizarase un único trámite de información pública de 30 días para os efectos da autorización administrativa da instalación, da avaliación de impacto ambiental e da concesión do dominio público marítimo-terrestre. Esta información pública será realizada polas áreas e dependencias de industria e enerxía das delegacións e subdelegacións de Goberno”, **polo seguinte texto:**

“Artigo 13.3. Realizarase un único trámite de información pública de 30 días para os efectos da autorización administrativa da instalación, e da concesión do dominio público marítimo-terrestre. En relación á avaliación de impacto ambiental o trámite deberá ter unha duración mínima de 45 días. Esta información pública será realizada polas áreas e dependencias de industria e enerxía das delegacións e subdelegacións de Goberno.”

10.2- Comentarios e xustificación.

Consideramos esencial a participación dos nosos científicos máis cualificados para a emisión de declaración de impacto ambiental, polo que, ademais do preceptivo informe administrativo da Dirección Xeral de Costa e Mar, será necesario contar, dada a potencial afectación aos ecosistemas mariños e o coñecemento especializado do IEO, con informe vinculante do devandito organismo. Así mesmo cos científicos e biólogos dependentes das Consellarías competentes nestas materias das Comunidades Autónomas.

Substituír artigo 22.4. “Para a emisión da declaración de impacto ambiental, será preceptivo contar co informe de compatibilidade coas estratexias mariñas da Dirección Xeral da Costa e o Mar.”, **polo seguinte texto:**

“Artigo 22.4. Para a emisión da declaración de impacto ambiental, será preceptivo contar co informe de compatibilidade coas estratexias mariñas da Dirección Xeral da Costa e o Mar, así como o informe vinculante do Instituto Español Oceanográfico e das Comunidades Autónomas.”

10.3- Comentarios e xustificación.

Dada a aplicación do principio de precaución, as grandes incertezas sobre posíbeis impactos destas industrias nos ecosistemas mariños, salientando non só as advertencias do Tribunal de Contas da UE sobre a implantación destas industrias nos nosos mares en relación aos seus posíbeis impactos nos ecosistemas mariños, senón tamén o último informe do ICES, do Grupo de Traballo de Eólica Mariña Desenvolvemento e Pesca (informe CIEM, volume 4, número 98), é evidente que ante semellantes incertezas establecer concesións a 30 anos é contrario á aplicación deste principio.

Substituír artigo 22.5 “O prazo da concesión do dominio público marítimo-terrestre será como máximo de 30 anos.”, **polo seguinte texto:**

“Artigo 22.5. O prazo da concesión do dominio público marítimo-terrestre será como máximo de 25 anos.”

11.- Disposición Final Segunda.

Comentario e xustificación.

Adaptar á alegación formulada anteriormente ao seguinte redactado que se propón:

«1. O produto a poxar será a potencia instalada, a enerxía eléctrica ou unha combinación de ambas as e a variábel de oferta o prezo por unidade de enerxía eléctrica, expresado en euros/MWh. Así mesmo, sempre que se garanta a súa adecuación aos obxectivos perseguidos, poderán incluírse outros criterios de adxudicación non económicos até un máximo do 70 por cento da ponderación, os cales poderán ser relativos, entre outros, á contribución á resiliencia, á sustentabilidade medioambiental, á innovación, ao impacto socioeconómico do proxecto, ás compensacións establecidas para usuarios presentes e potenciais e as zonas onde se

queren situar os proxectos, ou a outros aspectos que melloren a integración das fontes de enerxía renovábeis no sistema eléctrico; como mínimo en todo caso os criterios relativos á afectación aos ecosistemas mariños e ao impacto socioeconómico na actividade pesqueira deberán representar o 50% dos criterios de adxudicación a valorar.”

12.- Disposición transitoria segunda

Comentario e xustificación.

Ante os recursos xudiciais interpostos.

Engadir unha nova disposición transitoria que renumeraría a única que figura no texto como primeira e esta que alega como segunda e **que di o seguinte:**

“Disposición transitoria segunda:

Este Real Decreto non entrará en vigor até a finalización dos procesos xudiciais abertos ante as reclamacións formuladas pola Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, ante o Real Decreto 150/2023, do 28 de febreiro, polo que se aproban os plans de ordenación do espazo marítimo e do recurso interposto (núm. 1/556/2023) ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo (Sala Terceira, Sección 5).”

13.- Disposición adicional segunda

Comentario e xustificación

Evitar a repercusión nos recibos eléctricos, a través dos suplementos territoriais, pola creación de calquera canon de natureza impositiva extrafiscal e real ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña aplicábel aos ámbitos territoriais das Comunidades Autónomas.

Engadir nova disposición adicional, que renumeraría a única que figura no texto como primeira e esta que alega como segunda e **que di o seguinte:**

“No prazo de 3 meses da entrada en vigor deste Real Decreto, o Goberno español aprobará un cambio normativo co fin de que non se poida repercutir nos recibos eléctricos a través dos suplementos territoriais, como tampouco sexa de aplicación os artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, no caso de que as Comunidades Autónomas, en execución das súas competencias, decidan crear calquera canon de natureza impositiva extrafiscal e real ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña aplicábel aos ámbitos territoriais das Comunidades Autónomas.”

Por todo o anteriormente exposto, SOLICITA

Que teñan por presentadas estas Alegacións co fin de dar trámite conforme o período de consulta pública.

Para que conste para os efectos oportunos.

Asdo. Paulo S. Carril Vázquez

Secretario Xeral da CIG